

## SERVIZOS SOCIAIS

### XANTAR NA CASA

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro vai por en marcha un programa baixo o nome “ Xantar na Casa”. Un complemento do servizo de axuda no fogar que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

### OBXECTIVOS

- Proporcionar ós beneficiarios/as unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- Evita-lo deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- Prever situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida.
- Facilitar un respiro ás familias e ós cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.
- Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden ós domicilios.

### PERSOAS BENEFICIARIAS

- Maiores de 60 anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación.
- Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social.

A distribución dos xantares organizarase en barquetas individuais de polipropileno apto para regenerar en microondas e autorizado para estar en contacto cos alimentos, incluíndo primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Entregaranse entre as 9.00 h da mañá e 14.30 horas da tarde.

Todas aquelas persoas interesadas poderán solicitar información no departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro ou ben chamando ó teléfono 981 84 48 00.